

Intervención do presidente Parlamento de Galicia na inauguración da xornada *40 anos de autogoberno. As institucións estatutarias de Galicia. Retos e oportunidades*

Parlamento de Galicia, 28-05-2021 // 10,00 h.-

- Vicepresidente da Xunta de Galicia,
- Valedora do Pobo,
- Conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia,
- Presidenta do Consello da Cultura Galega,
- Relatores das mesas redondas da Xornada a quen lles agradecemos especialmente a súa asistencia:
 - o Presidente do Tribunal de Contas de Portugal,
 - o Presidente de la Sección de Fiscalización del Tribunal de Cuentas,
 - o Defensor del Pueblo de Navarra,
 - o Directora en Portugal da Organización dos Estados Ibero-americanos para a Educación, Ciencia e Cultura,
 - o Director do Instituto Cervantes,
 - o Profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Alcalá de Henares.

- Conselleira do Mar,
- Membros da Mesa, portavoz, deputadas e deputados do Parlamento de Galicia,
- Fiscal Superior de Galicia,
- Autoridades
- Señorras e señores:

Moi bo día a todas e todos e moitas grazas por acompañarnos nesta xornada, tanto de xeito presencial como a través da emisión web ou da posterior visión do vídeo que quedará ao dispor das persoas interesadas na mediateca do Parlamento de Galicia, unha vez rematada esta actividade.

Quero agradecer expresamente, antes de nada, a presenza e a intervención do vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia, neste acto



inaugural, en representación do presidente Feijóo, a quen inaprazables razóns de axenda lle impiden acompañarnos, como era a súa intención desde o primeiro momento. O compromiso do Parlamento coas institucións estatutarias é permanente e incuestionable, o mesmo que o da Xunta de Galicia, como acabamos de escoitar.

Dámonos cita esta mañá na terceira das actividades organizadas pola Cámara galega para conmemorar o 40 aniversario da promulgación do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.

Comezamos o pasado 6 de abril —o mesmo día en que, catro décadas atrás, o texto estatutario foi sancionado polo monarca— coa entrega da Medalla do Parlamento de Galicia á *Xeración Nós* como mostra de recoñecemento pola súa condición de inspiradores da autonomía política e o espertar cultural da Galicia das últimas décadas.

Días despois, o 12 de abril, celebramos unha xornada, inaugurada polo presidente do Tribunal Constitucional e clausurada polo presidente da Xunta de Galicia, na que reputados académicos das tres universidades e os directores dos principais xornais galegos nos ilustraron coas súas reflexións arredor dos froitos e os desafíos do texto estatutario desde 1981.

Continuamos hoy con una jornada centrada específicamente en las denominadas instituciones estatutarias, en el orden en el que estas fueron reguladas mediante las correspondientes leyes aprobadas por el Parlamento de Galicia: Consello da Cultura Galega, Valedor do Pobo y Consello de Contas.

Agradezco muy especialmente la presencia entre nosotros de todos los ponentes que a lo largo de la mañana han de tomar la palabra, con un reconocimiento de especial gratitud a los que proceden de fuera de Galicia:

- el director del Instituto Cervantes
- a directora en Portugal da Organización dos Estados Ibero-americanos para a Educación, Ciencia e Cultura
- el defensor del Pueblo de Navarra,

- el profesor Escobar Roca,
- o presidente do Tribunal de Contas de Portugal
- y el presidente de la Sección de Fiscalización del Tribunal de Cuentas del Reino de España

Agradecemento, por suposto, ao vicepresidente da Xunta de Galicia, por inaugurar esta xornada, e aos responsables das tres institucións estatutarias galegas arredor das que que xira a actividade:

- a presidenta do Consello da Cultura Galega
- a valedora do Pobo
- e o conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia.

E a miña sincera gratitude, como non, aos moderadores e á moderadora das tres mesas redondas, os tres, profesionais da Corporación Radio e Televisión de Galicia, esencial no proceso de desenvolvemento e consolidación da nosa autonomía e, tamén, na normalización da lingua e a promoción da cultura de Galicia.

Al invitar a este acto a personalidades que desempeñan altas responsabilidades en el Reino de España y en la República Portuguesa buscamos conocer y aprender de sus experiencias, pero también hacer visible una triple realidad:

- La efectiva y armoniosa inserción de Galicia en el ordenamiento institucional del Estado derivado de la vigente Constitución española, reiterando nuestra lealtad y colaboración, y acreditando el acierto que supuso la descentralización derivada del Estado de las Autonomías.
- Reivindicar e poñer en valor os nosos vínculos fraternais con Portugal, enraizados na historia desde a vella Gallaecia, e revitalizados, nas súas diferentes manifestacións, coa consolidación da democracia nos dous países. Compromiso inquebrantable que neste Parlamento acadou a súa maior

expresión coa aprobación, por unanimidade, a comezos de 2014, da denominada Lei Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, xurdida dunha iniciativa popular, o que lle outorga, se cabe, aínda maior valor.

- o Falamos dunhas relacións fluídas que transcenden amplamente a boa veciñanza. Que o presidente da Xunta de Galicia se acabe de reunir, novamente, en Lisboa, co presidente da República Portuguesa e co primeiro ministro acredita, pola vía dos feitos, a intensidade das relacións ás que me acabo de referir.
- Y poner de manifiesto la firme vocación europea y europeísta de Galicia, evidenciando que el sentimiento gallego es perfectamente compatible con nuestra condición de españoles y europeos de pleno derecho.

De estas y de otras ideas semejantes se hablará esta mañana; sospecho, incluso, que faltará tiempo para abordar tantas cuestiones que nos ocupan, preocupan e interesan.

Moitas grazas/Muchas grazas/ Muito obrigado